



FACULTADE DE FILOLOXÍA
DEPARTAMENTO DE LITERATURA ESPAÑOLA,
TEORÍA DA LITERATURA E LINGÜÍSTICA XERAL

TEORÍA E CRÍTICA LITERARIAS

Sara Bernechea Navarro
Fernando Cabo Aseguinolaza
Iris Cochón Otero
María do Cebreiro Rábade Villar
Carlos Redondo Sánchez
María Ángeles Rodríguez Fontela
María Teresa Vilariño Picos

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO
2011/2012

**FACULTADE DE FILOLOXÍA. ÁREA DE TEORÍA DA LITERATURA E
LITERATURA COMPARADA**

*DEPARTAMENTO DE LITERATURA ESPAÑOLA, TEORÍA DA LITERATURA E
LINGÜÍSTICA XERAL*

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Autores/as: Fernando Cabo Aseguinolaza, Iris Cochón Otero, María do Cebreiro Rábade Villar, María Teresa Vilariño Picos e M^a. Angeles Rodríguez Fontela.

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

Índice

I.	Datos descriptivos da materia.....	4
II.	Sentido na materia no perfil das titulacións.....	8
III.	Obxectivos de contido e competencias relacionadas coa materia.....	9
IV.	Contidos do curso.....	10
V.	Indicacións metodolóxicas e atribución de carga ects.....	28
VI.	Indicacións sobre a avaliación.....	31

GUÍA DOCENTE

Teoría e Crítica literarias

Materia básica do primeiro curso, segundo cuadrimestre, dos Graos seguintes: *Grao en Lingua e Literatura Españolas*, *Grao en Lingua e Literatura Galegas*, *Grao en Lingua e Literatura Inglesas*, *Grao en Filoloxía Clásica*, e *Grao en Lingua e Literaturas Modernas*.

Data de aprobación en Consello de Goberno: 22 de nadal de 2008.

I. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

1. DESCRICIÓN DA MATERIA

A nosa materia denomínase TEORÍA E CRÍTICA LITERARIAS. É unha materia básica de 6 créditos ECTS que se imparte no segundo cuadrimestre do primeiro ano dos Graos *Lingua e Literatura Españolas*, *Lingua e Literatura Galegas*, *Lingua e Literatura Inglesas*, *Filoloxía Clásica* e *Lingua e Literaturas Modernas*. O seu código é, respectivamente nesas Graos: G5041111; G5051111; G5061111; G5071111; G5081111. No Campus de Lugo impártese o Grao de *Lingua e Literatura Españolas*. O seu código é: G5091111.

2. PRERREQUISITOS

- LEGAIS: Ter superado o exame de Selectividade ou ter a idoneidade equivalente no acceso á Universidade segundo a normativa vixente.
- ESENCIAIS: Para cursar esta materia é imprescindible que o alumno teña dominio dos dous idiomas empregados nas tarefas de clase, especificamente no que atinxe á súa corrección gramatical e ortográfica e ao emprego propio do léxico. É esencial tamén que coñeza e aplique as normas básicas de presentación dos textos orais e escritos. En fin, moi relacionada coa habilidade interpretativa que demanda a materia, é esencial a capacidade de argumentar e estruturar lóxicamente o discurso.
- ACONSELLÁBEIS: É conveniente tamén que o alumno teña habilidades medio-altas de lectura e tradución doutros idiomas que figuran nos títulos da bibliografía recomendada. Así mesmo, aproveitaranse mellor os contidos e prácticas de clase se o estudante posúe un alto grado de competencia na interpretación e comprensión de textos e unhas mínimas facultades e disposicións para a expresión oral e escrita.

3. Profesores que imparten a materia

Campus de Santiago de Compostela

BERNECHEA NAVARRO, SARA
CABO ASEGUINOLAZA, FERNANDO
COCHON OTERO, IRIS
RÁBADE VILLAR, MARÍA DO CEBREIRO
REDONDO SÁNCHEZ, CARLOS
VILARIÑO PICOS, MARÍA TERESA (COORDINADORA)

Campus de Lugo

RODRÍGUEZ FONTELA, M^a. ÁNGELES (COORDINADORA)

Os profesores impartirán as clases en castelán e en galego.

4. HORAS E LUGARES DE TITORÍAS

Fernando Cabo Aseguiñolaza

Facultade de Filoloxía
Ada. Castelao s/n
15782 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Despacho: 228
Teléfono: 881811807
Correo electrónico: fernando.cabo@usc.es

Titorías

1º semestre:
Luns: de 10:00 a 14:00.
Martes: de 10:00 a 12:00

2º semestre:
Xoves: de 12:00 a 14:00
Venres: de 10:30 a 14:30

Sara Bernechea Navarro

Facultade de Filoloxía
Avda. de Castelao S/N
15782 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Despacho: Sala de PDI
Teléfono: 881811974
Correo electrónico: sara.bernechea@usc.es

Titorías:

1º e 2º semestres: Mércores e Xoves, de 11:00 a 14:00

Iris Cochón Otero

Facultade de Filoloxía
Ada. Castelao S/N
15782 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Despacho: 118
Teléfono: 881811779
Correo electrónico: iris.cochon@usc.es

Titorías

1º e 2º semestres: martes e mércores, de 10:00 a 13:00 horas.

Carlos Redondo Sánchez

FACULTADE DE Filoloxía
Avda. de Castelao S/N
15782 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Despacho: Sala de PDI "E"
Teléfono: 881811974
Correo electrónico: carlos.redondo@usc.es

Titorías: Sen especificar no momento da guía.

María do Cebreiro Rábade Villar

Facultade de Filoloxía
Avda. de Castelao S/N
15782. SANTIAGO DE COMPOSTELA
Despacho 117
Teléfono: 881811780
Correo electrónico: m.rabade@usc.es

Titorías:

1º e 2º semestres: Xoves e Venres, de 11:00 a 14:00

M.ª Ángeles Rodríguez Fontela

Facultade de Humanidades
Campus Universitario
27002 LUGO
Despacho: 221.
Teléfono: 982824771.
Correo electrónico: rodriguez.fontela@usc.es

Titorías:

1º semestre:
Martes e xoves, de 11:00 a 13:00
2º semestre:

Martes: de 10:00 a 14:00

Xoves: de 12:00 a 14:00

M.^a Teresa Vilarino Picos

Facultade de Filoloxía

Ada. Castelao s/n

15782 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Despacho: 127

Teléfono: 881811771.

Correo electrónico: mteresa.vilarino@usc.es

Tutorías

1º semestre:

Martes: de 10:00 a 14:00.

Xoves: de 10:00 a 12:00

2º semestre:

Martes: de 10:00 a 14:00

Xoves: de 12:00 a 14:00

TUTORÍAS OBRIGATORIAS: Todos os alumnos teñen 3 horas de tutoría presenciais de carácter obrigatorio. Constitúen un reforzo máis persoalizado (os grupos son de 10 alumnos e se establecen a partir dos grupos de expositivas) das sesións expositivas e interactivas. Servirán para profundizar nas cuestións que ofrecen máis dificultade e, no seu caso, ampliar outras de específico interese para o alumno. O profesor ademáis terá a ocasión de comprobar en qué medida progresa a aprendizaxe de alumno. Para un e para outro, alumno e profesor, estas horas de tutoría constitúen un tempo de toma de conciencia do efectivo desenvolvemento da materia e das súas especiais deficiencias. A asistencia e o traballo nas tutorías será tido en conta para avaliación final dos alumnos/as.

O horario das tutorías fixarase ao longo do curso. A terceira tutoría terá lugar despois do exame de xuño.

TUTORÍAS VIRTUAIS: Paralelamente, a aula virtual ofrecerá ao alumno a posibilidade doutras canles de comunicación co profesor para resolver cuestións que non admiten demora.

TUTORÍAS CONVENCIONAIS: Os horarios de tutoría son para todos os alumnos dos grupos que corresponden aos que ten asignados cada profesor (*vid. supra*).

II) SENTIDO DA MATERIA NOS PERFÍS DAS TITULACIÓNS

A materia **Teoría e Crítica Literarias** ten un carácter *propedéutico e instrumental* para o desenvolvemento doutras materias da titulación, particularmente das materias de contido literario. O seu estatuto de materia básica nos cinco novos Graos implantados no curso 2009-2010 na Facultade de Filoloxía e no Grao da Facultade de Humanidades, así o demanda e así o manifesta. A transversalidade académica supón ademáis potenciar as dimensións interdisciplinares e interculturais de contidos, procedementos e actitudes.

1. IDENTIFICACIÓN DO BLOQUE FORMATIVO

A materia *Teoría e Crítica Literarias* presenta conexións evidentes coas outras materias do módulo básico dos cinco graos especialmente na súa orientación introdutoria e reparadora de posíbeis carencias elementais e procuradora de conceptos ferramentas básicos. No cadro de materias do módulo básico presenta especiais vínculos, polo seu perfil xeneralista e teórico, con *Lingüística I* de todos os graos de Filoloxía, materia coa que comparte ademáis orientacións, correntes e escolas afíns. Por outra banda, son visíbeis os vínculos coa materia de *Introdución á Historia da Literatura Española* (no **Grao de Lingua e Literatura Españolas**), *Introdución á Literatura Galega I* (no **Grao de Lingua e Literatura Galegas**), *Introdución á Literatura Inglesa* (no **Grao de Lingua e Literatura Inglesa**), fundamentalmente polo eido literario común. Diferencianse, sobre todo, pola orientación filolóxica destas últimas, máis atentas ademáis á literatura e á cultura concreta (española, galega, inglesa) do grao correspondente e ao seu desenvolvemento histórico.

2. PAPEL QUE DESEMPEÑA NO CONXUNTO DO BLOQUE FORMATIVO E NO CONXUNTO DO PLANO DE ESTUDOS

Teoría e Crítica literarias atende prioritariamente a fornecer aos alumnos dos conceptos básicos, das pautas, dos modelos e dos métodos para ler co máximo aproveitamento e rigor intelectual os textos literarios e culturais no eido da Literatura Comparada. Estimula e afina o sentido de observación, depura a sensibilidade artística, agudiza o espírito crítico, fortalece as asociacións analóxicas, habitúa á precisión conceptual como base rigorosa da análise e da interpretación, reforza os mecanismos lóxico-argumentativos e familiariza ao alumno coa visión ampla e profunda do fenómeno literario. O carácter transversal e interdisciplinar que pon de manifesto a súa presenza nos módulos básicos dos cinco graos da Facultade de Filoloxía favorece non só a interrelación disciplinar destes graos no eido académico senón tamén as actitudes abertas do alumno cara á unha sociedade onde priman as relacións interculturais e as visións globais da cultura.

3. INTERÉS DA MATERIA

Moi arraigada nas antigas Poética e Retórica, o carácter instrumental da **Teoría e Crítica literarias** ten unha dobre proxección práctica non só no eido académico senón tamén na formación integral do alumno. Por unha parte, facilita a adquisición de estratexias de análise e interpretación para afondar nos textos literarios e culturais. Por outra parte, esta actividade crítica leva aparellada sen especial esforzo adicional a abstracción dos recursos poéticos e retóricos de composición de textos. Sen pretender ser un obradoiro de xéneros literarios, a materia de **Teoría e Crítica Literarias** ten tamén unha indubidábel operatividade na produción e creación de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos en todas as linguas (española, inglesa e galega) dos Graos correspondentes. O estímulo é, pois, dobre: crítico e creativo.

Dada a concepción ampla do fenómeno literario coa que se concibe a materia tendo en conta sobre todo a súa vocación humanística e a súa proxección interdisciplinar e interartística no eido da Literatura Comparada, esta materia prepara ao alumno para unha visión globalizada da cultura e facilítalle as ferramentas para discriminar e valorar os textos artísticos segundo criterios que forman parte da bagaxe conceptual desta materia. Singularmente o espírito crítico que se se agudiza nas tarefas analíticas e interpretativas dos textos literarios é canalizado tamén na análise e interpretación doutros textos culturais.

III) OBXECTIVOS DE CONTIDO E COMPETENCIAS RELACIONADAS COA MATERIA

1. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS RELACIONADOS COS COÑECEMENTOS PROPIOS DA MATERIA

a) Obxectivos

- Achegarse á tradición dos Estudos literarios con particular atención aos conceptos que son de aplicación directa á análise de textos.
- Coñecer as grandes áreas de investigación teórica sobre a literatura e a cultura.
- Aprender de forma xeral as principais correntes teórico-críticas contemporáneas sobre o fenómeno literario e as súas implicacións.
- Fundamentar a análise crítica de textos literarios nos niveis formal-estructural, semiótico, hermenéutico, cultural e sistémico.
- Dominar os conceptos e recursos da análise crítica do relato, dos textos poéticos, do texto dramático e teatral /espectacular e dos textos ensaísticos.
- Coñecer os elementos básicos para poder abordar desde unha perspectiva moderna e interdisciplinar o fenómeno literario como un proceso complexo e suxeito a unha reflexión teórica e comparada.

- Adquirir os fundamentos rigorosos para o uso e aplicación nos Estudos literarios.
- Familiarizarse cos conceptos e métodos que desenvolvan nos estudantes estratexias de observación persoal dos feitos literarios.
- Ampliar o campo de estudo cara ás esferas problemáticas do comparatismo actual, é dicir, cara aos eidos que tan só esta disciplina ten como propios.

b) Competencias

- Entender os obxectivos, posibilidades e métodos dos Estudos literarios no marco dinámico da súa propia tradición.
- Asumir a pluralidade da noción de "literatura" e dos propios Estudos literarios.
- Asimilar unha noción ampliada do concepto de "texto" e das análises correlativas.
- Establecer as metas e mecanismos apropiados dunha análise textual.
- Correlacionar conceptos como *forma, estrutura, código, autoría, lectura, significado, interpretación, repertorio, posición e canon* coa análise textual.
- Entender e saber aplicar os fundamentos da análise narratolóxica, poética e dramático-teatral.
- Comprender unha serie de distincións nocionais básicas indispensábeis para aproximarse aos diferentes aspectos implicados no proceso literario.
- Entender a diversidade de enfoques e modelos teóricos contemporáneos nos Estudos literarios.
- Asimilar os principios e métodos fundamentais para unha lectura crítica de textos teóricos e comparados.
- Desenvolver a capacidade de reflexión crítica e de argumentación sobre o feito literario a partir do manexo dunha terminoloxía teórica sólida e absolutamente asimilada.

IV) CONTIDOS DO CURSO

1. DESCRIPTOR DA MATERIA NO PLANO DE ESTUDOS

Conceptos básicos que son necesarios para comprender o fenómeno literario e estratexias de análise e interpretación dos arxixéneros literarios.

2. ESTRUTURA DA MATERIA


A materia está estruturada en catro temas (os indicados en números romanos).

O *primeiro tema*, fundamentalmente conceptual, é o que máis se adecua ao primeiro nome –“teoría”– da materia. Proporciona nocións básicas sobre os Estudos literarios, o seu nacemento e evolución, a relación que hai entre eles e a específica orientación que os vincula co fenómeno literario. Estuda tamén o concepto de literatura e a súa configuración ao longo da historia en íntima conexión coa evolución histórica dos Estudos literarios. Finalmente, estudase o concepto de xénero literario, as principais correntes e orientacións que o definiron diacrónicamente e a concepción vixente desta categoría teórico-literaria.

O *segundo tema* inaugura o estudo dos principais arquixéneros e o perfil máis nidiamente crítico da materia xa que o seu obxectivo e que o alumno poda distinguir, identificar, analizar e interpretar segundo conceptos e modelos suministrados no tema os textos narrativos, nas súas semellanzas en nas súas diferenzas.

O *terceiro tema*, na senda do anterior, estuda a poesía, as súas características pragmáticas, os seus compoñentes formais e métricos, a súa estrutura e as súas tendencias e manifestacións actuais.



O *cuarto tema*, na liña dos anteriores, estuda o teatro na súa dobre enunciación dramático-espectacular, a súa tipoloxía discursiva característica, os seus compoñentes diexéticos e os signos que o constitúen.





Todos os temas están interrelacionados pero hai unha liña vertical que vai do primeiro tema, simplemente introdutorio, atravesando o segundo e, desde este, alcanza dun mesmo xeito aos catro arquixéneros.

O eixo horizontal, o que recolle os catro arquixéneros, representa a faciana crítica da materia mentras que o eixo vertical representa a sustentación conceptual, teórica, dos catro temas críticos.

Cada un destes temas ten tres epígrafes:





A temporalización proposta, axustada ás 24 horas expositivas, é dun epígrafe por sesión de hora e media, de tal xeito que a suma dos epígrafes dá o equivalente das dezaseis semanas do cuadrimestre. As 24 horas interactivas corren paralelamente nesas semanas en sesións de hora e media. Cada epígrafe terá, polo tanto, unha hora e media de sesión interactiva que se especificará oportunamente na aula virtual.

Distribución dos temas por semanas:

TEMA	DURACIÓN en semanas
I	4
II	4
III	4
IV	4

A última sesión de cada tema estará adicada ao repaso dos conceptos fundamentais desenvolto, ao esclarecemento dos aspectos non tratados en detalle e á resolución de dúbidas.

3. TEMARIO DO CURSO

I) Os estudos da literatura e da cultura na actualidade

1. O concepto de *Literatura* desde as principais correntes teóricas.
2. As disciplinas literaris.
3. Teoría dos xéneros literarios. O concepto de xénero na actualidade. Posxenericidade e medialidade.

II) Análise do texto narrativo

1. Narrador e enunciación narrativa.
2. Tempo.
3. Espazo e personaxes.

III) Análise do texto poético

1. A enunciación poética. Poesía e ficción.
2. Elementos constituíntes do texto poético. Os sistemas métricos.

3. A estrutura e a clausura poemáticas. O fragmento poético.

IV) Análise do texto teatral e espectacular

1. Texto dramático e texto espectacular. A dobre enunciación teatral.
2. Os signos teatrais.
3. O diálogo dramático. Tempo, espazo e personaxe dramático.

ESTRUTURA DETALLADA DO TEMARIO

TEMA I: OS ESTUDOS DA LITERATURA E DA CULTURA NA ACTUALIDADE

1. OBXECTIVOS E SENTIDO DO TEMA

Con este tema aproximámonos á tradición dos Estudos literarios con particular atención aos conceptos que son de aplicación directa á análise de textos. Os alumnos deberán coñecer as grandes áreas de investigación teórica do fenómeno literario e cultural e os conceptos e paradigmas básicos que rexirán teóricamente ao longo dos restantes temas.

2. GUIÓN

1. Concepto de literatura desde as principais correntes teóricas.
2. As disciplinas literarias.
3. Teoría dos xéneros literarios.

3. MATERIAIS PARA ESTUDIALO

Á parte da exposición sinóptica destes puntos principais do tema, o alumno disporá de contidos de ampliación e profundización na aula virtual do profesor e de documentos básicos que deberá traballar co profesor nas sesións interactivas. Na súa

casa deberá ampliar tamén contidos coa axuda das obra de referencia recomendadas para o seu estudo e reflexión ademais de traballar sobre os textos de apoio que serán obxecto de comentario nas clases prácticas.

4. MÉTODO DE TRABAJO ACONSELLADO

Dado o carácter eminentemente teórico e panorámico deste tema, reforzaranse os recursos analóxicos e mesmo icónicos para facilitar a comprensión dos principais conceptos e liñas teóricas analizadas, tanto na presentación en Power Point do profesor como nos textos de apoio facilitados na aula virtual e na clase. É fundamental neste momento que o alumno aprenda a empregar con naturalidade os conceptos e a nova terminoloxía e que adquira os paradigmas e marcos teóricos por onde circulará ao longo do curso.

5. ACTIVIDADES PRÁCTICAS

A interactividade nas clases prácticas procurará mediante recursos dialécticos a clarificación de conceptos de especial dificultade e a visualización sinóptica das principais correntes e liñas disciplinares.

As sesións interactivas terán pois unha dobre dirección: a do debate e comentario nunha liña analítica e a do resumo e operación sinóptica na procura de marcos adecuados para a instalación das ferramentas críticas.

6. COMPETENCIAS TRABALLADAS

As competencias que o alumno acada coas actividades deste tema son, fundamentalmente:

- A familiarización cos conceptos básicos da materia (como *forma, estrutura, código, autoría, lectura, significado, interpretación, repertorio, posición e canon*) e coa súa versatilidade segundo orientacións teóricas e períodos históricos.
- O desenvolvemento da capacidade de abstracción na asimilación deses conceptos, tanto na comprensión como na expresión deses conceptos.
- O desenvolvemento da capacidade de síntese na visión sinóptica de movementos, correntes teóricas e organigrama dos Estudos literarios.
- A potenciación das habilidades dialécticas no debate e comentario de textos.
- A conciencia da construción colectiva dun discurso progresivo.
- A familiarización co fenómeno da descuberta ou *heuresis* científica.
- A apertura de miras no exame de nocións como “literatura”, “discurso”, “texto” a partir do percorrido polos Estudos literarios.

- A adquisición de modelos de análise e da súa orientación práctica na crítica de textos literarios.

7. DIFICULTADES PRINCIPAIS

As principais dificultades coas que se atopan os alumnos neste tema proveñen, fundamentalmente, do carácter teórico do tema e da ruptura de límites nas categorías literarias coas que está familiarizado desde as súas primeiras achegas ao eido literario. En consecuencia, sempre será costoso para o alumnado deste primeiro ano comprender e, máis aínda, expresar coas propias palabras nocións familiares na súa terminoloxía pero con novas orientacións e sobre todo con orientacións cambiantes segundo escolas e movementos. Estas dificultades aumentan na interactividade das clases prácticas pois á dificultade propiamente conceptual engádese a carencia de recursos argumentativos para facer viábeis as propias posicións e asimilacións conceptuais no debate ou na escrita.

8..BIBLIOGRAFÍA

-BÁSICA:

- Cabo Aseguinolaza, Fernando, e María do Cebreiro Rábade Villar, *Manual de Teoría de la Literatura*. Madrid: Castalia, 2006.
- Casas, Arturo (coord.), *Elementos de crítica literaria*. Vigo: Xerais, 2004.
- García Berrio, Antonio, y Javier Huerta Calvo, *Los géneros literarios: sistema e historia. Una introducción*. Madrid: Cátedra, 1992.
- Villanueva, Darío (coord.), *Curso de teoría de la literatura*. Madrid: Taurus, 1994.
- Viñas Piquer, David, *Historia de la crítica literaria*. Barcelona: Ariel 2002.

-COMPLEMENTARIA:

- Anderson, Perry, *Los orígenes de la posmodernidad*. Barcelona: Anagrama, 2000.
- Asensi, Manuel, *Historia de la teoría de la literatura, vols. I-II*. Valencia: Tirant lo Blanc, 1998-2003.
- Eagleton, Terry (2003), *Después de la teoría*. Barcelona: Debate, 2005.
- Garrido Gallardo, Miguel Ángel (ed.), *Teoría de los géneros literarios*. Madrid: Arco, 1988.
- Genette, Gérard, *Ficción y dicción*. Barcelona: Lumen, 1993.
- Godzich, Wlad, *Teoría literaria y crítica de la cultura*. Madrid: Cátedra, 1998.

- Gnisci, Armando, *Introducción a la Literatura comparada*. Barcelona: Crítica, 2002.
- Guillén, Claudio, *Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la literatura comparada (Ayer y hoy)*. Barcelona: Tusquets, 2005.
- Mignolo, Walter D., *Historias locales, diseños globales: colonialidad, conocimientos subalternos y pensamiento fronterizo*. Madrid: Akal, 2003.
- O'Donnell, James (1998), *Avatares de la palabra. Del papiro al ciberespacio*. Barcelona: Paidós, 2000.
- Pozuelo Yvancos, José María, *Poética de la ficción*, Madrid: Síntesis, 1993.
- Selden, Raman (1985), *La teoría literaria contemporánea*. Barcelona: Ariel, 1987.
- Spang, Kurt, *Géneros literarios*. Madrid: Síntesis, 1993.
- Vega, Jaría José, y Neas Carbonell, *La literatura comparada: principios y métodos*. Madrid, Gredos, 1998.
- Vilariño Picos, M^a Teresa, y Anxo Abuín González, *Teoría del hipertexto. La literatura en la era electrónica*. Madrid: Arco, 2006.
- Villanueva, Darío (comp.), *Avances en Teoría de la literatura*. Santiago: Universidad de Santiago de Compostela, 1994.
- Wellek, René, y Austin Warren, *Teoría literaria*. Prólogo de Dámaso Alonso. Madrid: Gredos, 1953.

TEMA II: ANÁLISE DO TEXTO NARRATIVO

1. OBXECTIVOS E SENTIDO DO TEMA

O sentido básico deste tema no conxunto dos contidos do programa da materia é que o alumnado tome conciencia da modalidade discursiva da narración e recoñeza os seus principais modelos xenéricos na literatura. Na liña aberta da Literatura comparada examinada no tema anterior estableceranse relacións dos textos narrativos literarios cos doutros eidos artísticos, especialmente cos cinematográficos, aínda que sexa dun xeito tanxencial. Os obxectivos prácticos inciden na procura de ferramentas, principalmente de modelos de análise consolidados e operativos, que faciliten a análise e a interpretación dos textos narrativos.

2. GUIÓN DO TEMA

1. Narrador e enunciación narrativa
2. Tempo.
3. Espazo e personaxes.

3. MATERIAIS PARA O ESTUDO DO TEMA

Á parte das canles comúns de transmisión de contidos –a presentación do profesor nas horas de sesións teóricas e a aula virtual–, dos textos de apoio e dos textos narrativos que ilustrarán a práctica da análise e interpretación, os alumnos deberán ler as obras de referencia básica. Poderá facerse uso tamén de material narrativo transmitido en código artístico diferente ao literario pero relacionado con el.

4. MÉTODO DE TRABALLO ACONSELLADO

Se no tema anterior o traballo consistía en reforzar a capacidade de abstracción do alumnado, neste tema e nos seguintes a orientación e eminentemente práctica. En consecuencia, as sesións expositivas, a ampliación e profundización de contidos na aula virtual e a bibliografía básica e complementaria recomendada conducirán aos alumnos a adquisición de ferramentas básicas para o exercicio analítico e interpretativo dos textos narrativos propostos. As sesións interactivas adquirirán deste xeito especial protagonismo neste e nos próximos temas. Os alumnos activarán as súas capacidades de observación, de sensibilidade artística, de aplicación de conceptos e modelos e de interpretación rigorosa

5. ACTIVIDADES PRÁCTICAS

A actividade básica deste tema é a práctica do comentario de textos narrativos. Farase unha selección destes textos que será facilitada ao alumnado ao comezo de curso. Especial atención crítica terán os xéneros que podan ser sometidos ao comentario no tempo das clases, como o conto ou o microrrelato, as fábulas e as manifestacións narrativas dos novos medios. Aínda que a actividade crítica non é un obradoiro literario, farase ver ao alumnado que a lectura dos textos e o illamento de recursos compositivos e estilísticos analizados conduce tamén, na práctica, á creación de textos. Poderá exemplificarse isto en exercicios de composición ou en propostas creativas de cambio sobre os textos comentados.

6. COMPETENCIAS TRABALLADAS

As competencias que o alumno desenvolve neste tema están relacionadas, basicamente, coa práctica da análise e da interpretación. En consecuencia, traballaranse as capacidades de asimilación e de aplicación de recursos e modelos de análise no eido narrativo. O alumno desenvolverá tamén a súa sensibilidade artística no aprecio de estratexias narrativas de especial calado estético. Punto central constitúe nas

competencias atendidas neste tema o xuízo crítico para estimar calidades, estruturas e recursos poéticos e retóricos.

7. DIFICULTADES PRINCIPAIS

Dado que este é o primeiro tema en que o alumno exercitará a actividade crítica que é propia da materia, profesores e alumnos evitarán os seguintes perigos que son ao mesmo tempo dificultades se constitúen xa vicios arraigados:

- a) Utilizar o texto como pretexto para manifestar ideas propias sen fundamento textual. Será o momento de facer valer a tradición filolóxica da nosa cultura na atención rigorosa aos mecanismos poéticos e retóricos dos textos.
- b) Restringir o comentario á aspectos semánticos, os máis traballados polos alumnos no ensino primario e secundario. Farase especial fincapé, pois, nos niveis formais e pragmáticos dos textos analizados.
- c) Identificar e facer un simple reconto dos recursos compositivos e estilísticos sen prestar atención á súa vertebración no conxunto do texto e sen ter en conta a dimensión interpretativa da análise.
- d) Sobredimensionar o papel dos personaxes tanto na análise como na interpretación. A consideración pragmática dos textos narrativos e o estudo dos niveis enunciativos conxurará teóricamente ese perigo pero haberá que evitar igualmente nas sesións interactivas calquera desviación que se produza nesa liña.
- e) Reducir o discurso narrativo ao eido literario, especialmente se este só atende aos xéneros canónicos. A ampla visión dos Estudos literarios facilitada no tema anterior e a consideración aberta do fenómeno literario estudado tamén nese tema conxurará ese perigo se se actualiza tanto nas sesións teóricas como nas interactivas.

8. BIBLIOGRAFÍA

BÁSICA:

- Adam, Jean-Michel, y Clara Ubaldina Lorda, *Lingüística de los textos narrativos*. Barcelona: Ariel, 1999.
- Cabo Aseguinolaza, Fernando, e María do Cebreiro Rábade Villar, “Narratividad y relato literario” en *Manual de Teoría de la Literatura*, Madrid: Castalia, 2006, 171-255.
- Genette, Gérard (1972), *Figuras III*, Barcelona: Lumen, 1989.
- Garrido Domínguez, Antonio, *El texto narrativo*. Madrid: Síntesis, 1993.
- Vilariño Picos, M^a Teresa, “A análise narratolóxica” en Arturo Casas (coord.), *Elementos de crítica literaria*, Vigo: Xerais, 2004, 341-414.
- Villanueva, Darío, *El comentario de texto narrativo: cuento y novela*. Madrid: Mare Nostrum, 2006.

COMPLEMENTARIA

- AAVV (1966), *Análisis estructural del relato*. Bos Aires: Tiempo Contemporáneo, 1970.
- Andrés-Suárez, Irene, “Notas sobre el origen, trayectoria y significación del cuento brevísimo”, *Lucanor*, 1, 1994, 55-69.
- Bal, Mieke (1984), *Teoría de la narrativa: (una introducción a la narratología)*. Madrid: Cátedra, 1985.
- Booth, Wayne (1961), *La retórica de la ficción*. Barcelona: Bosch, 1974.
- Chatman, Seymour (1978), *Historia y discurso. La estructura narrativa en la novela y en el cine*. Madrid: Taurus, 1990.
- Cohn, Dorrit (1978), *La Transparence intérieure. Modes de représentation de la vie psychique dans le roman*. París : Seuil, 1981.
- Genette, Gérard (1983), *Nuevo discurso del relato*. Madrid: Cátedra, 1988.
- Gibson, Andrew, *Towards a Postmodern Theory of Narrative*. Edimburgo: Edimburgh University Press, 1996.
- Reis, Carlos, e A. C. M. Lopes, *Diccionario de narratologia*. Coimbra: Almedina. 1987
- Ricoeur, Paul (1984), *Tiempo y narración II. Configuración del tiempo en el relato de ficción*. Madrid: Ediciones Cristiandad, 1987.
- Rimmon-Kenan, Slomith, *Narrative Fiction (Contemporary Poetics)*. Londres: Methuen, 1983.
- Sullà, Enric (ed.), *Teoría de la novela. Antología de textos del siglo XX*. Barcelona: Crítica, 1996.
- Vallés Calatrava, José (dir.), *Diccionario de teoría de la narrativa*. Salobreña: Alhulia, 2003.
- Zabala, Lauro (comp.), *Teoría de los cuentistas*. México: Universidad Nacional Autónoma de México. Tres tomos, 1993.

TEMA III: ANÁLISE DO TEXTO POÉTICO

1. OBXECTIVOS E SENTIDO DO TEMA

Na liña do tema anterior, o tema catro achégase ao arxixénero poético nunha dobre dirección teórica e práctica pero orientado tamén, como no tema do arxixénero da narrativa, á actividade crítica. Os obxectivos son, en primeiro lugar, familiarizar ao alumnado cun tipo de discurso que non adoita a figurar nas súas lecturas nin tampouco no comentario practicado ata este momento. Un segundo obxectivo será facer tomar

conciencia ao alumno da singularidade dos textos poéticos, singularidade que non implica necesariamente maior dificultade. En terceiro lugar, os alumnos deberán conseguir as ferramentas conceptuais e os paradigmas xenéricos que sexan operativos na actividade crítica. Tratamento especial neste tema terá a métrica, o seu funcionamento e as consecuencias rítmicas que se deriven para o discurso poético. En fin, nestes catro temas dedicados aos arquixéneros e polo tanto neste, os últimos obxectivos conflúen na actividade analítica e interpretativa coa axuda da bagaxe instrumental facilitada nas sesións teóricas.

2. GUIÓN DO TEMA

1. A enunciación poética. Poesía e ficción.
2. Elementos constituíntes do texto poético. Os sistemas métricos.
3. A estrutura e a clausura poemáticas. O fragmento poético.

3. MATERIAIS PARA O ESTUDO DO TEMA

O material do tema está constituído basicamente polos textos poéticos seleccionados para ilustrar conceptos ou para comentar e pola bibliografía crítica – prioritariamente a bibliografía básica e complementaria adxunta– que proporciona os esquemas analíticos e as nocións básicas. Aínda que a escrita dominará no uso destes materiais, poderán empregarse recursos audiovisuais, prioritariamente musicais, que potencien os valores visuais ou fónicos do poema. Como no común dos temas, o alumnado disporá de exposicións visuais dos contidos fundamentais, e dos contidos de ampliación e profundización da aula virtual.

4. MÉTODO DE TRABAJO

Á parte do necesario aporte de contidos como ferramentas básicas da actividade crítica, o método será fundamentalmente a lectura, a análise e a interpretación de poemas. Dadas as virtudes musicais da lírica, farase ler aos alumnos os textos poéticos para que fagan seus os ecos musicais da estrutura do poema. Dun xeito análogo, visionaranse e comentaranse as disposicións gráficas dos poemas seleccionados a tal fin. A lectura en voz alta e as proxeccións visuais adquiren así unha nova e destacada posición no exercicio crítico. Como nos restantes temas centrados nos arquixéneros, analizaranse os mecanismos compositivos e a estrutura resultante así como os recursos poéticos que constitúen o tecido textual dos poemas.

5. ACTIVIDADES PRÁCTICAS

As sesións interactivas dedicaranse á:

1. lectura dos poemas segundo os parámetros rítmicos fixados polo texto,
2. memorización coa axuda de recursos mnemotécnicos,
3. actualización das virtudes teatrais do poema, singularmente daquelas que atinxen á pronunciación,
4. identificación dos recursos básicos de composición e dos principais eixos estruturais,
5. análise dos recursos, fónicos, gráficos, gramaticais, léxico-semánticos e retóricos,
6. interpretación deses recursos no conxunto do poema.

6. COMPETENCIAS TRABALLADAS

A primeira competencia desenvolvida no tema é a familiarización coa posta en escea que representa a lectura en voz alta diante dos compañeiros. Constitúe xa unha relevante achega ás potencialidades teatrais dos textos literarios, ao monólogo dramático, aos silencios, ás tonalidades do discurso poético, etc. O desenvolvemento desta competencia require outras como o adestramento na comprensión do texto e no aprecio das súas calidades musicais. O alumno resolverá xa dun xeito máis confiado os paradoxos do discurso literario á mercede das tendencias centrífugas que levan a romper os límites da estrutura unitaria en diferentes formas do fragmentarismo, por unha banda, e, por outra, á mercede das tendencias centrípetas manifestas en diferentes forzas e mecanismos de coherencia como as recurrencias métricas e fónicas, os *couplings* morfosintácticos e as isotopías léxico-semánticas. O alumno aprenderá a identificar estas forzas contrapostas no seu labor analítico e interpretativo.

7. DIFICULTADES PRINCIPAIS

A primeira dificultade pasa por superar os prexuízos que xiran en torno a inintelixibilidade da linguaxe poética, prexuízos que conlevan que o alumnado moitas veces se manteña alonxado e temeroso ante un discurso que considera estraño.

A segunda dificultade é a escasa familiaridade coa práctica do comentario, especialmente no caso da poesía. Hai que ter en conta que a literatura ten unha presenza subordinada á lingua e moi reducida nas materias de *Lingua castelá e literatura* e *Lingua galega e literatura* de ensino secundario. Os profesores deste nivel, se seguen o programa, non teñen tempo material para a actividade crítica sobre os textos literarios.

Destas carencias e atrancos deriva, en parte, que o alumno non teña conciencia da diversidade e riqueza da poesía e experimente especiais dificultades na comprensión destes textos.

Resistencia haberá tamén que vencer para a lectura e posta en escea dos textos e para aventurar hipóteses na interpretación de significados sobre unha análise rigorosa que, como queda dito no tema anterior, tampouco ten entrado dun xeito sistemático e continuo nas prácticas críticas do alumnado porque a programación xa referida non o permite.

8. BIBLIOGRAFÍA

BÁSICA

- Cabo Aseguinolaza, Fernando (ed.), *Teorías sobre la lírica*. Madrid: Arco, 1999.
- Cabo Aseguinolaza, Fernando, e María do Cebreiro Rábade Villar, “Teoría de la poesía” en Fernando Cabo Aseguinolaza e María do Cebreiro Rábade Villar, *Manual de Teoría de la Literatura*. Madrid: Castalia, 2006, 257-314.
- Cabo Aseguinolaza, Fernando, e María do Cebreiro Rábade Villar, “A poesía” en Arturo Casas (coord.), *Elementos de crítica literaria*. Vigo: Xerais, 2004, 295-339.
- López Casanova, Arcadio, *El texto poético. Teoría y metodología*. Salamanca: Ediciones Colegio de España, 1994.
- Luján Atienza, Ángel Luis, *Cómo se comenta un poema*. Madrid: Síntesis, 1999.

COMPLEMENTARIA

- Ballart, Pere (1998), *El contorno del poema. Claves para la lectura de la poesía*. Barcelona: El Acantilado, 2005.
- Blesa, Túa, *Logofagias. Los trazos del silencio*. Zaragoza: Tropelías, 1998.
- Cabo Aseguinolaza, Fernando, y Germán Gullón (eds.), *Teoría del Poema: la Enunciación Lírica*. Amsterdam: Rodopi, 1998.
- García Berrio, Antonio, *Formación de la teoría literaria moderna. Vol. II: Teoría poética del Siglo de Oro*. Murcia: Universidad de Murcia, 1980.
- Guerrero, Gustavo, *Teorías de la lírica*. México: Fondo de Cultura Económica, 1998.
- Martínez Fernández, José Enrique, *El fragmentarismo poético contemporáneo. Fundamentos teórico-críticos*. León: Universidad de León, 1996.
- Núñez Ramos, Rafael, *La poesía*. Madrid: Síntesis, 1992.
- Rábade Villar, María do Cebreiro, *As antoloxía de poesía en Galicia e Cataluña. Representación poética e ficción lóxica*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2004.
- Rodríguez, Juan Carlos, *La poesía, la música y el silencio*. Sevilla: Renacimiento, 1994.
- Rodríguez, Juan Carlos, *Teoría e historia de la producción ideológica: las primeras literaturas burguesas (siglo XVI)*. Madrid: Akal, 1999.
- Rodríguez Adrados, Antonio, *Orígenes de la lírica griega*. Madrid: Revista de Occidente, 1976.

TEMA IV: ANÁLISE DO TEXTO TEATRAL E ESPECTACULAR

1. OBXECTIVOS E SENTIDO DO TEMA

O tema dedicado ao arxixénero teatral introduce aos alumnos nun eido moi atractivo para eles en canto as posibilidades de participación e creatividade persoal se incrementan na visión teórica e na práctica da *performance* teatral. O alumnado pode experimentar as virtudes espectaculares do texto dramático, guiados polo diálogo e as didascalias. As lagoas de indeterminación que xenera o texto representan un pulo de interactividade no exame das posibilidades de transdución do texto. Deste xeito, os obxectivos amplían e profundizan os niveis acadados nos temas anteriores: adquisición de conceptos e estratexias de análise nas exposicións teóricas e na complementación da aula virtual; comprensión dos textos, obtida neste caso a partir da lectura e das imaxes espectaculares debatidas na clase; afianzamento na posta en escea –incipientemente tratada no tema anterior–, e análise e interpretación dos textos desde perspectivas retóricas, semióticas e ideolóxicas.

2. GUIÓN

1. Texto dramático e texto espectacular. A dobre enunciación teatral.
2. Os signos teatrais.
3. O diálogo dramático. Tempo, espazo e personaxe dramático.

3. MATERIAIS PARA ESTUDIALO

Os materiais básicos deste tema son, como nos anteriores, os facilitados nas exposicións teóricas e na aula virtual. Contase ademais co material de apoio bibliográfico, non só as referencias básicas e complementarias adxuntas, senón tamén os textos breves seleccionados como bibliografía especialmente idónea para o comentario dos textos teatrais. Hai que contar tamén neste tema, dun xeito análogo ao que xa vimos no tema anterior, cos textos dramáticos e espectaculares, lidos e visionados na clase ou nos diversos contextos escénicos que facilita a oferta cultural da cidade. A intermedialidade e de especial auxilio neste tema: cine, televisión e outras canles poden contribuír a arrequentar o espazo teatral examinado e a estimular o comentario dos efectos interactivos e interartísticos proporcionados polos medios na transmisión derivada de textos teatrais.

4. MÉTODO DE TRABALLO ACONSELLADO

A riqueza símica do teatro aconsella multiplicar a ilustración audiovisual dos textos tanto nas sesións expositivas como nas interactivas. Os recursos dialécticos

reforzaránse nos dous tipos de docencia, e facilitaranse canles para dinamizar a interpretación e a creatividade persoal dos alumnos, especialmente nas sesións interactivas e nas titorías. Potenciarase a lectura dramatizada e a representación, sen descuidar aspectos como o atrezo e a montaxe. A imaxinación pode axudar cando as posibilidades de realización sexan escasas. Como non podemos esquecer o obxectivo prioritario da materia –a actividade crítica– procurarase que esta interveña en todo momento, tanto na aplicación de nocións e recursos propiamente teatrais como na interpretación deses recursos.

5. ACTIVIDADES PRÁCTICAS

Tendo en conta a interactividade e creatividade como canles privilexiadas do desenvolvemento deste tema, as actividades prácticas céntranse fundamentalmente en:

- a lectura en voz alta dos textos dramáticos,
- o debate sobre a mellor actualización teatral dos textos,
- a memorización e improvisación textual,
- o comentario sobre representacións teatrais transmitidas por diversos medios,
- a análise dos mecanismos compositivos teatrais,
- a valoración dos valores poéticos dos textos dramáticos,
- a interpretación de recursos compositivos dos textos analizados e das representacións teatrais.

6. COMPETENCIAS TRABALLADAS

Como xa queda apuntado nas competencias traballadas do tema anterior, este tema procura que o alumno manteña un trato familiar cos textos teatrais no que de representativo –entendido este termo en sentido específico e tamén e de actualización– teñen. Será un bon lugar, pois, para desenvolver aptitudes relacionadas coa expresión oral: vocalización, entonación, tonalidade e volumen de voz, xestualización, proxémica e posta en escea en xeral. O desenvolvemento destas aptitudes leva aparelada a comprensión dos textos teatrais nun maior nivel de profundidade, porque a lectura oral dos textos implica xa unha interpretación por parte do alumno.

Ademáis destas competencias específicas, os estudantes terán a oportunidade de *entender* e *asimilar* o vocabulario de construción e análise teatral, o que lle facilitará a súa *aplicación* na análise dos textos e na interpretación, entendida esta palabra nos dous sentidos: a comprensión e a posta en escea.

7. DIFICULTADES PRINCIPAIS

Á diferenza do que ocorre no tema anterior, os aspectos lúdicos e de participación e creación persoal que ofrece este tema, produce un exceso de confianza que pode facer obviar as convencións do arquiénero teatral. O traballo realizado no tema anterior e o atractivo que o teatro exerce, en xeral, sobre o alumnado non presenta tanto dificultades de achega como que esta se faga incorrectamente. Polo tanto o profesor terá que estar vixiante, ao mesmo tempo que aproveitará para reducir

improvisacións que teñen que ver máis co descoñecemento que coa creatividade persoal.

Aínda que o tema anterior derribou, en principio, as primeiras resistencias, algúns alumnos especialmente tímidos ou con outras carencias expresivas deberán vencer o medo escénico, e as conseguíntes reaccións: lecturas rápidas e en voz baixa, e sen a vocalización ou a modulación adecuadas.

8. BIBLIOGRAFÍA

BÁSICA

- Abuín González, Anxo, *Escenarios del caos. Entre la hipertextualidad y la "performance" en la era electrónica*. Valencia: Tirant lo Blanch, 2006.
- Abuín González, Anxo, e Arturo Casas, *O texto espectacular*, en Arturo Casas (coord.), *Elementos de crítica literaria*. Vigo: Xerais, 2004, 415-470.
- Bobes Naves, M^a del Carmen, *Semiología de la obra dramática*. Madrid: Arco, 1997.
- Cabo Aseguinolaza, Fernando e María do Cebreiro Rábade Villar, "Teoría del teatro", en Fernando Cabo Aseguinolaza e María do Cebreiro Rábade Villar, *Manual de Teoría de la literatura*. Madrid: Castalia, 2006, 315-373.

COMPLEMENTARIA

- Abuín González, Anxo, *El narrador en el teatro. La mediación como procedimiento en el discurso teatral del siglo XX*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1997.
- Aristóteles, *Poética*. Edición bilingüe grego-galego. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatal "Francisco Pillado Mayor" da Universidade da Coruña, 1999.
- Bobes Naves, M^a del Carmen (ed.), *Teoría del teatro*. Madrid: Arco, 1997.
- Fischer-Lichte, Erika (1983), *Semiótica del teatro*. Madrid: Arco, 1999.
- García Barrientos, José Luis, *Drama y tiempo. Dramatología I*. Madrid: C.S.I.C, 1991.
- García Barrientos, José Luis, *Cómo se comenta una obra de teatro*. Madrid: Síntesis, 2001.
- Hormigón, Juan Antonio, *Trabajo dramático y puesta en escena*. Madrid: Asociación de directores de Escena de España, 1991.
- Kowzan, Tadeusz (1992), *El signo y el teatro*. Madrid: Arco, 1997.
- Nogueira, Carmen, *La representación como puesta en escena. Para una teoría de la mirada*. Valencia: Instituto Alfons el Magnánim, 2001.

- Pavis, Patrice (1980). *Diccionario del teatro*. Barcelona: Paidós, 1983.
- Sánchez, José A. (ed.), *La escena moderna. Manifiestos y textos sobre teatro de la época de vanguardias*. Madrid: Akal, 1999.
- Spang, Kurt, *Teoría del drama*. Pamplona: EUNSA, 1991.
- Ubersfeld, Anne (1978), *Semiótica teatral*. Madrid: Cátedra, 1989.
- Ubersfeld, Anne, *La escuela del espectador*. Madrid: ADE, 1998.

V. INDICACIONES METODOLÓGICAS E ATRIBUCIÓN DE CARGA ECTS

1. METODOLOXÍA

A orientación práctica da materia manifesta no segundo nome do título –crítica- estará presente non só nas sesións interactivas senón tamén nas expositivas en canto só se empregarán aqueles conceptos e paradigmas teóricos que teñan unha rendibilidade na actividade crítica.

Seguindo as orientacións dos novos planos de estudos, desaparece a lección maxistral entendida ésta en sentido tradicional, é dicir, como discurso transmitido polo profesor de xeito monoloxal e reflectida na escrita en notas máis o menos logradas polos alumnos.

Somos conscientes da perda na capacidade de abstracción do alumnado e das dificultades de comprensión que leva aparelladas como consecuencia, en parte, da ausencia de determinadas materias humanísticas nos planos de estudo que poderían cultivar desde a súa perspectiva, lingüística ou filosófica, aquelas capacidades existentes no alumnado. Se a isto engadimos que os ámbitos extraacadémicos, dominados polos medios audiovisuais, non contribúen a hábitos reflexivos sobre textos literarios, deberán reforzarse os vínculos de aproximación ao alumno no uso dos seus medios máis habituais sen renunciar ao espírito literario da materia.

Estas razóns e a perda de presencialidade nas aulas aconsellan o uso dos novos medios nas aulas, especialmente nas sesións expositivas, onde nos veremos obrigados a condensar en presentacións panorámicas os contidos dos temas. A imaxe audiovisual é un recurso mnemotécnico por dobre vía: a visual e a analóxica. Os alumnos recordarán máis facilmente os conceptos se teñen apoio na imaxe, sobre todo se esta comporta compoñentes imaxinativos e sorprendentes na súa base icónica.

Aínda que neste primeiro curso a aula virtual será unha canle parcial de información e de comunicación entre o profesorado e o alumnado, nos cursos sucesivos de implantación do grao incrementárase o seu uso de tal modo que alcance un reforzo da presencialidade tanto das sesións expositivas e prácticas como das titorías.

Nas horas presenciais, ademais das intervencións, iniciativas e papeis de moderación propias do profesor, estímularase a interacción mediante o uso de preguntas didácticas. Nun primeiro momento, éstas actuarán como estímulo de participación, pero a medida que a motivación avanza, adoita invertirse a orde: é o alumno o que pregunta ao profesor. Neste sentido a función persuasiva das primeiras clases é decisiva. A formulación de preguntas representa ademais un paradigma para a reflexión do alumno

en canto que orientará a éste na formulación de hipóteses e, xa que logo, na adquisición de hábitos básicos na investigación.

Á parte deste tipo de preguntas, os profesores non deben esquecer o método maiéutico que, como ben sabemos, contribúe á aprendizaxe activa sempre que estea convenientemente conducido. A *iluminación* ou *mostración* da realidade examinada por esta vía ofrece unha maior posibilidade de asentamento na memoria en canto o alumno ten que descubri-la por si mesmo. No caso da literatura, ademais, o descubrimento ten algo de función poética. Determinados aspectos dos textos pasarían inadvertidos se a retórica crítica, aínda que sexa dun modo balbucinte, non os trouxera a un primeiro plano.

Unha das funcións do profesor, menos atractiva pero non por iso menos necesaria, é a corrección da expresión, non só nos textos escritos polo alumno, senón tamén nas súas intervencións orais –nas puntuais e improvisadas e tamén nas elaboradas–. No caso da expresión escrita, serán obxecto de atención non só as faltas de ortografía senón tamén as incoherencias lóxicas que conlevan un mal uso dos signos de puntuación. Na expresión oral, é o momento de formentar unha conciencia vixiante ante o uso de retrousos, anacolutos, e léxico impropio, amén de modismos e formas expresivas incorrectas espalladas polos medios de comunicación.

Fóra da aula, outra vía de interacción útil será o portafolios, rexistro de actividades que o alumno realiza dentro ou fóra da clase ao longo do curso. Precisamente en canto rexistro, o portafolios constitúe unha boa medida da avaliación continua do alumno.

En fin, non debemos esquecer o papel formativo dos exames. Ha de procurarse que estes documentos que consideramos como representativos do nivel acadado na adquisición de contidos e procedementos de análise e interpretación de textos sexan tamén avaliados nesta mesma dirección polo alumno. A tal fin procurárase un comentario pormenorizado dos exames e unha valoración ponderada de acertos e erros que pode facerse vía electrónica, se non é posíbel realizala persoalmente. Unha hora de titoría final adicárase e a unha valoración de todo o traballo do alumno con rexistro documental –exames e exercicios gardados no portafolios.

2. DISTRIBUCIÓN DA CARGA EN CRÉDITOS ECTS

Esta materia ten oficialmente 6 créditos ECTS. As horas presenciais divídense en 24 horas de sesións expositivas (1 hora e media semanal, segundo os horarios fixados pola Facultade) e 24 horas de sesións prácticas interactivas (1 hora e media semanal, segundo os horarios tamén fixados pola Facultade). Engádense a estas sesións as dedicadas as titorías (tres horas). Como no ensino reglado polos créditos ECTS é protagonista a aprendizaxe do alumno e o seu labor persoal, multiplícase por factores variabeis a presencialidade en horas de traballo asignado aos alumnos. Como se observará no cadro seguinte, a maior parte do traballo do alumno deriva das sesións expositivas e interactivas polo que se dedica a ese traballo un número de horas relevante no conxunto das 150 horas totais (6 créditos por 25 –un crédito ten 25 horas de traballo para o alumno, presencial e non presencial).

Finalmente as sesións de avaliación propiamente ditas –xa consideramos no apartado anterior a avaliación examinada dun xeito progresivo nas diversas actividades

realizadas polo alumno (participación na clase, exercicios puntuais, traballos individuais e en equipa) teñen unha presencialidade de tres horas e un traballo persoal de nove horas.

Actividades	Horas presenciais	Factor	Horas de traballo persoal	TOTAL
Sesi3ns expositivas	24	2	48	72
Sesi3ns interactivas	24	1.5	36	60
Sesi3ns de titorías	3	1	3	6
Sesi3ns de avaliación	3	3	9	12
TOTAL	54		96	150

VI. INDICACI3NS SOBRE A AVALIACI3N

1. CONSIDERACI3NS XERAIS

Aínda que a Lei Villar Palasí, aplicada nos niveis básico e medio do ensino español dos anos setenta, introduciu o criterio de avaliación continua, a Universidade mantúvose á marxe deste criterio en canto daba prioridade como criterio case exclusivo de avaliación do alumno ao exame final. A filosofía que rixe o sistema de créditos ECTS e que se está implantando progresivamente desde hai anos na Universidade española coincide en boa medida con aquel criterio de continuidade polo que, á parte das probas orais e escritas oficiais e das consensuadas entre profesores e alumnos, é cada vez máis frecuente que interveñan outros factores de avaliación como a participación na clase e as actividades prácticas de diversa índole, avaliadas éstas nese carácter dinámico de progreso, estancamento ou retroceso.

A este novo espírito e novos criterios de avaliación, súmase o feito de que desde a LOGSE, amplíase tamén o obxecto da avaliación. Aínda que os contidos seguen a ser unha marca poderosa na avaliación universitaria, cada vez máis apreciase o progreso do alumnado na adquisición de habelencias e competencias que poden ser de utilidade no eido formativo específico deste ensino superior e na vida en xeral. Este saber

procedemental é especialmente considerado nos novos graos en tanto suministran as bases xerais de posteriores itinerarios de especialización.

A materia de **Teoría e Crítica literarias** conecta nas súas competencias específicas con outras de carácter xeral de todo o grao: a lectura atenta e reflexiva dos textos, a comprensión e interpretación do seu sentido seguindo pautas de rigorosa análise en interacción con outros puntos de vista interpretativos e a abstracción de modelos para a propia produción textual.

Por outra parte, o trato directo e constante co obxecto de estudo –os textos literarios– facilita canles de cultivo da sensibilidade artística e doutros valores formativos que axudan a forxar o perfil humanístico que sustente actitudes e conductas.

Nunha concepción gineriana do ensino universitario –non tanto máquina expendedora de títulos canto vía de progreso noutra fase do labor permanentemente educativo e autoeducativo do ser humano- o cultivo de valores e talentos humanos cobra especial relevancia en materias que, como ésta, reflicte dun xeito tan amplo e profundo o que a humanidade foi construíndo sobre si mesma. Sen caer en parámetros morais ou éticos, o contaxio humanístico dos textos debe tamén ser avaliado. Un alumno non pode ser o mesmo despois de entrar en contacto coa literatura e coas súas dimensións máis amplas e profundas.

2. ELEMENTOS QUE SE VALORARÁN

ELEMENTO AVALIADO	CRITERIOS	INSTRUMENTO	PORCENTAXE
Traballos escritos, debates e exposicións orais	Calidade de comprensión e expresión, creatividade, presentación, etc.	Exercicios prácticos escritos, pequenas exposicións orais e traballos en grupo.	40%
Asistencia e participación nas clases expositivas, interactivas e titorías colectivas	Asistencia regular e puntual; participación activa nas distintas actividades e calidade desa participación	Observación e notas do profesor. Autoavaliación	Inclúese no 40% anterior
Contidos e actividades prácticas da materia	Dominio dos contidos teóricos, das estratexias aprendidas e da práctica crítica	Exames escritos e orais	60%

Un 60 % da cualificación final dependerá da realización dun exame. O outro 40 % da participación crítica e informada nas clases e da realización de traballos e outras tarefas asignadas polos docentes. Este factor estará ligado fundamentalmente á actividade nas sesións interactivas. A asistencia é obrigatoria. Un índice de ausencias non xustificadas ás clases superior ao 20 % implica o suspenso na materia. Resérvase a posibilidade de valorar así mesmo a participación en distintas actividades, como conferencias, que se poidan programar eventualmente ao longo do período lectivo.

PLAXIO:

O plaxio na realización dos traballos programados ou a utilización indebida e non indicada de maneira adecuada das fontes impresas ou de Internet pode implicar o suspenso na convocatoria correspondente coa cualificación máis baixa.

3. AVALIACIÓN DAS SEGUINTES CONVOCATORIAS

Nas seguintes convocatorias, non variarán os criterios seguidos na primeira polo que ao dominio dos contidos teóricos e das estratexias aprendidas –e demostradas na práctica crítica– se refire.

O feito de non presentarse a unha convocatoria ou a calquera das súas oportunidades, determinará que a convocatoria se teña por consumida. A cualificación dunha convocatoria na que o alumno no se presenta, ou non supera os obxectivos establecidos será de “suspenso”.